



***CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA, A FUNDACIÓN ONCE E A
ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN
IMPARTIDA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN
SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL E DO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO
XUVENIL, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar con a Fundación ONCE e a Asociación para o Emprego e Formación de Persoas con Discapacidade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto *articular unha colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria a Fundación ONCE e INSERTA, que recolla as características e condicións que debe reunir a formación impartida no marco dos Programas POIES e POEX, a través dos itinerarios formativos asociados aos certificados de profesionalidade das actividades que se inclúen no Anexo I. A formación impartida ao abeiro deste convenio desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade sinalados. Os medios e materiais didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación responderán os requirimentos esixidos nos Reais Decretos que regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada un dos itinerarios.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que, co obxectivo de dar resposta eficaz ás demandas do mercado de traballo na promoción de novas oportunidades de emprego e tendo en conta que se considera a Formación Profesional como un instrumento básico dentro das políticas activas, é necesario promover unha oferta de formación profesional conducente a potenciar a inserción e reinserción profesional da poboación demandante de emprego con discapacidade, mediante a cualificación, recualificación ou posta ao día das súas competencias profesionais.

Que no marco dos seus fins fundacionais, para a Fundación ONCE é prioritario o desenvolvemento de accións tendentes á promoción da formación e o emprego das persoas con discapacidade en canto instrumento adecuado para a súa integración socio laboral. Neste ámbito, a FUNDACIÓN ONCE considera que o desenvolvemento de programas de formación é a vía máis axeitada para que as persoas con discapacidade desenvolvan as competencias profesionais que permitirán a súa inclusión no mercado laboral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en

Santiago de Compostela a 02 de novembro de 2016

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral

José Alfonso Marnotes González

